



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
Web: www.concellodeboimorto.es



REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que o Alcalde con data vintecinco de xuño de dous mil doce, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 175 / 2012 **Data decreto:** 25/06/2012 **Descrición decreto:** Aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídas no proceso de selección de persoal laboral temporal socorrista xornada completa.

DON JOSE IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Finalizado o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso selectivo para a provisión con persoal laboral temporal da praza de socorrista xornada completa aprobado por decreto desta alcaldía número 154/2012 de data 12/06/2012.

Vista a certificación de Secretaría de data 23/06/2012 sobre as solicitudes presentadas en tempo e forma.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local polo presente:

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

APELIDOS E NOME	DNI
Admitidos/as	
NOVO SANDÁ ALFONSO FÉLIX	46909006T
VEREA NÚÑEZ PAULA	45846658E
Excluídos/as	
Ningún	

SEGUNDO.- Elevar a definitiva a lista provisional de admitidos/as no proceso selectivo ao non existir aspirante/s excluídos/as segundo o sinalado no punto terceiro das bases de selección.

TERCEIRO.- Convocar aos membros da comisión seleccionadora para a valoración dos méritos para o día 26/06/2012 ás 14:00 horas na Casa do Concello.

CUARTO.- Colgar certificación deste decreto na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios aos efectos oportunos.

Boimorto vintecinco de xuño de dous mil doce

O Alcalde

Asdo.- D. Jose Ignacio Portos Vázquez

Perante min:
A secretaria

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>>

